

Revista trimestral



PC CEIPRAQUEL CCAMACHO

A Coruña abril 2022

DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO
PENSAMENTOS
#sementadepensamentos

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS
EXCURSIÓNS
Imos retomando a normalidade

RECOMENDACIÓNS
QUE LER?
Libros para a primavera

VIVEIRO

espress

 Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

#SEMENTADEPENSAMENTOS

Como ben sabes, o 23 de febreiro (ollo, cambiou, agora non será o 24), celebramos do Día de Rosalía e este ano,

ademais de decorar as fiestras e aprender da súa palabra, plantamos unha flor especial.



Desde a [Asociación de Escritores/as en Lingua Galega \(AELG\)](#), este ano escolleuse o lema que les no título, cun manifesto da nosa compañeira **Bea Maceda**.

Sabías que unha das flores favoritas de Rosalía de Castro eran os **pensamentos**?

De feito, un dos seus últimos desexos antes de morrer foi ter un ramo de pensamentos. Ela que tanto pen-

sou en todas as persoas e para elas escribiu.



Os pensamentos son flores de cinco pétalos que, como todas as flores, segundo o país teñen as súas lendas.

PENSAMENTOS SOBRE A GUERRA

UCRAÍNA

Non somos alleos nin pechamos os ollos á realidade. É dura agora mesmo e estive-mos a cavilando sobre ela.

O 24 de febreiro deste ano, **Rusia invade Ucraína** e todos presenciá-mos con impotencia a través dos medios de comunicación o sufrimen-to do pobo ucraíno.

Nas aulas, sae a relucir o tema e iniciamos pequenos debates que conduciron a textos coma os que se-guen:

Ucraína está pasando por un mal momento pola guerra. Un mal momento tanto para Ucraína como para todos nós.

Todo se produce dende Rusia e o culpable é Putin que, de feito, eu penso que está moi mal da cabeza.

A xente está a sufrir moito e todos

Velaquí só algunhas das re-flexións. Neste caso do alum-nado de 3º de Primaria.

estamos apoiando moito a Ucraína e agardando que todo lles saia moi ben.

Sara Rodríguez, 3º EP

Eu penso que non está ben invadir un país e Rusia sempre foi moi estri-ta cos países próximos a ela. Ucraí-na está en guerra con Rusia e en Rusia está gobernando Putin.

Rusia está usando tanques, blin-dados, mísiles e pistolas. Nunha guerra nunca gaña ninguén porque morre xente inocente ou teñen que marchar a outros países. Galicia está acollendo moitas familias ucraí-nas.

Leo Fernández, 3º ■



Unha escola bombardeada en Jitomir, no nor-te da Ucraína.

Fonte: Wikipedia.

VOLVEN AS EXCURSIÓNS!

SAÍDA AO TEATRO

Como nunca choveu que non escampara, volvemos saír de excursión (despois de moito tempo sen facelo por


culpa da pandemia). Estes son algunhas das sensacións que experimentamos despois deste longo período.

A min pareceume ben a saída — di **Óscar Domínguez Senín** de 5º B de Primaria— e tamén estaba emocionado por volver ter excursións. Foi moi divertido ir cos meus compañeiros e compañeiras en autobús, e a obra foi moi interesante e divertida.

Tratábase da obra de teatro *Feirantes*, representada por Teatro do Noroeste. Conta Óscar que a protagonista era Marela, unha vaca moi obediente, e trataba de que todos temos un destino marcado.

A charla coa actriz —afirma **Antón Vilariño Escariz**, que tamén asistiu— gustoume moito, porque podía saír de dúbidas e saber máis cousas sobre ela e a obra. Eu sentín que podía estar no papel dun xornalista e iso é moi divertido

O debuxo é de **Demba Sall**.■



VEÑA, ATRÉVETE CON ESTES XOGOS

PASATEMPOS

Si, si. Xa sabemos que andas sempre rumbando de ser máis listo/a que un allo e de

ter un ollo clínico. Pois veña, chegou a hora de demostralo dunha vez!

MANDALA DA PRIMAVERA



SOPAS DE LETRAS


Esta sopa vai sobre as partes do corpo. Veña, busca 12!

Nivel
MEDIO

BRAZO
CABEZA
COSTAS
DEDA, DEDO
NÁDEGA
NOCELLO
PÉ
PEITO
PERNA
PULSO
XEONLLO



Tempus fugit e, con el, tamén pasan os 12 meses que tes que atopar.



Nivel
MEDIO

ABRIL, AGOSTO
DECEMBRO, FEBREIRO
MAIO, MARZO
NOVEMBRO
OUTUBRO, SETEMBRO
XANEIRO, XULLO
XUÑO

XEROGLÍFICO

Onde podo visitar a casa museo de Rosalía de Castro?



AGUDEZA VISUAL

A ver se atopas o número 2.

54555135894935	36985478569413	36547189666995	14587965463655
36985478569413	14587965423655	54555135894935	36985478569413
14587965463655	54555135894935	36985478569413	54555135894935

COCIDO DE LETRAS

Risca as letras que se repiten en cada fila. Coas restantes deberás formar un lema.

A	E	M	Q	N	M	F	T	T	A	Q	E	F
P	O	B	T	V	L	Ñ	T	B	L	Ñ	P	V
C	X	S	R	C	X	Z	U	U	R	Z	N	S
Ñ	V	Á	V	R	D	P	R	i	P	i	Ñ	D
X	F	C	F	G	T	M	M	U	T	C	U	X
Q	H	Z	G	C	C	H	Z	S	S	U	G	Q
S	T	U	U	E	T	P	i	H	i	P	H	S
V	T	S	N	Ñ	L	S	R	Ñ	L	N	V	T
Z	F	G	H	G	Q	F	T	H	T	Z	R	Q
A	L	X	R	i	C	i	R	C	X	Ñ	L	Ñ




Escribe aquí a solución ao
COCIDO DE LETRAS

RECOMENDACIÓNS LECTORAS PARA O NADAL



QUE LER?


EDUCACIÓN INFANTIL



MÍSTER MAGNOLIA de Quentin Blake. Moito contar e tal, pero a mística Magnolia fállalle unha bota!

+ INFO: [Kalandraka](#)


1º E 2º DE E. PRIMARIA



CANDO LEO de Eva Mejuto. Todo é posible cando nos poñemos a ler e nos deixamos levar por un libro.

+ INFO: [Xerais](#)

3º E 4º DE E. PRIMARIA



ALDARA. A LENDA DO CERVO BRANCO de Inés Vázquez. Banda deseñada cun misterio ameazante.

+ INFO: [Demo](#)

6º E 5º DE E. PRIMARIA



O NENO DE LUME de Leticia Costas. Morgan é un neno peculiar. Diso non hai dúbida, non si?

+ INFO: [Xerais](#) ■

CAVILAR SEMPRE TEN PREMIO!

Xa resolviches o cocido de letras, non si? Pois agora pos os teus datos, colles unha tesoir e recortas este papel pola liña e entrégaslo ao teu ou á túa profe.

Logo, tócache agardar o sorteo. Conseguirás premio?

Data límite de entrega: venres, 22 de abril de 2022.

NOME E APELIDOS:

CURSO: ETAPA: